

RESTAURACIÓN BORBÓNICA **-INSTAURACIÓN DA QUENDA-**

A partir dos seguintes documentos, elaboraremos unha composición de texto histórico sobre os fundamentos políticos da Restauración borbónica e a instauración da quenda pacífica (1874-1902).

Tras a disolución da Asamblea Nacional polo xeneral Pavía (3-1-74) e ante o baleiro de poder, o xeneral Serrano asumiu o poder executivo da República contando co apoio dalgúns xefes militares e políticos radicais que forman parte do seu Goberno. Serrano suspendeu as garantías constitucionais e prometeu convocar Cortes constituíntes cando o país estivese pacificado; mentres, o exército combatía os carlistas e os cantonalistas.

As tensións entre os republicanos, a guerra carlista e cubana e o incremento das reivindicacións sociais da AIT provocaron unha gran inestabilidade e un medo crecente nas clases propietarias e no exército á desintegración de España e á reivindicación social. Estes temores favoreceron os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a monarquía na persoa de Alfonso de Borbón, fillo de Sabela II, quen se presentaba como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal (Manifesto de Sandhurst).

O 29 de decembro de 1874 en Sagunto, o xeneral Martínez Campos pronunciouse a favor da monarquía de Alfonso XII, con escasa resistencia. Remataba en España a I República.

Para Cánovas, un liberal conservador, pragmático e posibilista, existían dous principios indiscutibles: a Coroa, a peza clave do sistema que representaba a tradición e a autoridade, e as Cortes, que representaban a liberdade e a vontade do pobo.

Ambas debían compartir a soberanía e o poder, pero unha vez asegurado o principio monárquico hereditario na familia de Alfonso XII e as súas prerrogativas políticas, todo o demais podía ser obxecto de discusión e elaboración nas Cortes.

Cánovas defendeu un sistema baseado nunha Constitución que establecese a monarquía constitucional doutrinaria como forma de Estado e de goberno; un Goberno que gozase dunha dobre confianza, a do monarca e a das Cortes, manipulando os resultados a través da fraude e da actuación dos caciques; a quenda pacífica entre as forzas monárquicas agrupadas arredor de dous partidos liberais (oligarquía): o Partido Conservador (moderados e unionistas), liderado por Cánovas e o Partido Liberal (progresistas, demócratas e republicanos posibilistas), dirixido por Sagasta; e o transaccionismo en materia de dereitos e deberes.

A aplicación do pensamento de Cánovas deu lugar ao sistema canovista ou sistema da Restauración borbónica, que estivo vixente ata 1923. Neste período diferéncianse o reinado de Alfonso XII (1875-1885), a rexencia de María Cristina de Habsburgo (1885-1902) e a etapa constitucional de Alfonso XIII (1902-1923).

De acordo ao pensamento de Cánovas, nomeado presidente do Goberno por Alfonso XII ao seu regreso a España, convocáronse eleccións constituíntes e aprobaron a Constitución de 1876, na que se establecía unha monarquía constitucional doutrinaria conservadora, a Coroa compartía a soberanía coas Cortes, nomeaba libremente aos ministros e podía suspender e disolver as Cortes; as Cortes eran bicamerais constituídas polo Congreso e polo Senado e estaban supeditadas á Coroa; os dereitos e liberdades aparecían recollidos pero dunha forma xeral que necesitaba o seu desenvolvemento en leis posteriores de inferior rango, o que permitía un tratamento máis ou menos restritivo de acordo coa vontade do goberno vixente; e Catolicismo de Estado aínda que se recoñecía a liberdade de conciencia e de culto.

No reinado de Alfonso XII, que inaugura a tradición do rei soldado finalizan dúas guerras, o que lle valeu o título de “rei pacificador”.

A guerra carlista rematou coa toma de Montejurra e Estella no 1876, derradeiros núcleos de resistencia carlista.

A guerra de Cuba rematou grazas a que os reforzos enviados lle deron ao xeneral Martínez Campos notables éxitos contra os insurrectos. A Paz de Zanjón no 1878 prometía realizar reformas administrativas e políticas en beneficio da illa, pero a tensión provocou novas rebelións, rapidamente reprimidas (guerra chiquita en 1879). Para sosegar a rebeldía, as autoridades españolas foron suprimindo progresivamente a escravitude aínda vixente en Cuba (liberdade de ventres).

Cánovas e os conservadores impuxeron un modelo de Estado unitario e centralizado que foi apoiado polos liberais con medidas como a abolición dos privilexios forais vascos tras o carlismo e o control dos concellos polo Goberno. A lei municipal de 1877 eliminaba a autonomía dos concellos e a elección popular dos alcaldes, que serían nomeados polo Goberno no caso das cidades e polos gobernadores civís (baixo as ordes do ministro de Gobernación) no resto dos concellos.

Tanto Cánovas como Sagasta defenderon que o poder non podía quedar na exclusividade dunha única forza política e que o cambio de Goberno non podía quedar ao arbitrio dunhas eleccións. Con este fin argallaron o sistema de quenda pacífica.

Así, desde 1875 ata 1881 gobernarán Cánovas cunha interpretación restritiva dos dereitos e liberdades, suprimindo o sufraxio universal masculino e restrinxindo a liberdade de prensa, asociación e reunión.

Do 1881 ata o 1884 gobernarán Sagasta, nomeado polo rei xefe do Goberno, iniciándose así a alternancia pacífica. Sagasta iniciou a apertura do réxime cunha nova Lei de imprenta (1883) e consentiu a actividade republicana, pero os problemas internos no seu partido e a axitación social e republicana fixeron que o rei chamase de novo a Cánovas no 1884.

Durante este período, os republicanos organizáronse en posibilistas (Castelar), que se integraron no sistema tentando a súa democratización; outros, a maioría, buscaron a caída da monarquía: os republicanos federais, seguindo a Pi i Margall elaboraron e aprobaron proxectos de Constitución que deberían existir nos diferentes Cantóns ou Estados federados e os republicanos progresistas, dirixidos por Zorrilla e defensores da república unitaria tentaron afundir a monarquía mediante o pronunciamento de forzas militares adictas, pero todos os intentos fracasaron.

A morte do monarca a finais de 1885 por tuberculose provocou unha grande incerteza, xa que a súa viúva María Cristina estaba embarazada. Os líderes dos partidos dinásticos acordaron garantir a permanencia do réxime e a quenda pacífica e agardar a proclamar o herdeiro, por se a criatura que nacesse fose un varón. Este acordo coñécese como Pacto do Pardo. Como ratificación do acordo, Cánovas dimitiu e Sagasta foi chamado a gobernar pola rexente e introduciu importantes reformas como a Lei de asociacións (1887); Lei de xuízos por xurado (1888); un novo Código Civil (1889) e unha nova Lei electoral que establecía o sufraxio universal masculino para maiores de vinte e cinco anos (1890), pero non afectaron aos principios básicos do sistema canovista porque resultaron viciadas polo caciquismo e a fraude electoral.

Desde 1891, liberais e conservadores alternáronse no poder pacíficamente. Esta situación provocou o falseamento do proceso electoral sistematicamente mediante fraude. O sistema funcionaba de arriba a abaixo, na cúspide estaba a minoría política dirixente que formaban a oligarquía dirixente, entre a que se escollía aos candidatos; no nivel intermedio o gobernador civil que elaboraba o encadramento, para que os resultados previstos se cumprisen colaboraban os alcaldes e a Garda Civil; na base desta pirámide estaba o cacique local, personaxe de gran influencia sobre as autoridades e os veciños, sobre todo no rural, que empregaba esta influencia en servizo do

candidato do Goberno.

O control caciquil foi unha das pezas básicas do funcionamento da quenda pacífica, fabricando os resultados electorais á medida do partido que acababa de asumir o poder (o reparto aproximado era de 60-70% de deputados para o partido no poder e 20-30% para o partido na oposición. A forza caciquil permitía que moitos distritos fosen sempre controlados pola mesma familia ou saíse sempre elexida a mesma persoa (distritos enfeudados).

Aínda que politicamente o sistema se mantivese estable, as folgas e protestas de obreiros foron cada vez máis frecuentes nas cidades realizadas polos obreiros e no campo polos xornaleiros. Foron tamén numerosos os atentados anarquistas, como o asasinato de Cánovas en 1897.

A principal crise da rexencia de María Cristina foi a insurrección de Cuba e Filipinas. En 1895, os independentistas cubanos iniciaron a guerra contra España (grito de Baire), encabezada por Xosé Martí e en Filipinas iniciouse en Luzán no 1898, dirixida por André Bonifacio e Emiliano Aguinaldo. O exército español presentaba graves carencias. En 1898 a extraña explosión do Maine foi a escusa para que o goberno dos EE.UU. Enviase un ultimato ao Goberno de España, o que levou a España a declarar a guerra aos EE.UU.

A guerra foi rápida e contundente, a escuadra española non podía competir fronte aos norteamericanos, o que produciu en poucos días unha rápida e contundente derrota.

As negociacións de paz rematan coa sinatura do Tratado de París: España cedía Cuba, Porto Rico, Filipinas e a illa de Guam aos EE.UU. A cambio dunha compensación económica de vinte millóns de dólares.

O resto das posesións españolas no Pacífico foron vendidas a Alemaña en 1899. Desaparecía así o imperio colonial español en América e no Pacífico.

A derrota cualificada como desastre do 98, causou en España un forte impacto na opinión pública, nos partidos políticos, nos intelectuais e nas clases medias.

Non provocou a quebra do sistema nin unha grande crise económica, pero puxo de manifesto a incapacidade da oligarquía dominante para modernizar o país. Os militares sentíronse frustrados e responsabilizaron do fracaso aos políticos e pecháronse progresivamente nunha actitude de defensa corporativa dos seus intereses.

Os intelectuais desenvolveron unha reflexión crítica sobre España marcada pola desmoralización, o pesimismo e a idea de decadencia, como se pode observar nas obras de autores da Xeración do 98 como Pío Baroja e Unamuno. As clases populares respiraron tranquilas de non ter que enviar aos seus fillos a morrer a Cuba.

O rexeneracionismo foi unha corrente intelectual, política e literaria que impregnou a vida pública española a finais do século XIX e comezos do XX. Caracterizouse tanto pola análise dos males do país e a súa crítica ao sistema da Restauración, como polo seu propósito de atoparlle remedio e de renovar e modernizar a realidade política e económica de España.

Para eles os problemas de España derivaban da existencia dun Estado ineficaz e dunha clase política corrupta e oligárquica así coma un deficiente desenvolvemento económico.

Para mellorar o país cumpría rexenerar o estado e reforzar a estrutura produtiva. O máis destacado rexeneracionista foi Xaquín Costa co seu lema “Escola e despena”. A fortaleza que mantiña o caciquismo levoulle a xustificar a necesidade dun “cirurxián de ferro”, un gobernante que actuase de forma autoritaria para renovar o país.

A posterior crise da quenda terá lugar debido ao intervencionismo do monarca Alfonso XIII en asuntos políticos e militares, quen iniciará o seu reinado en maio de 1902; ao fraccionamento e descomposición dos partidos dinásticos; ao crecente papel do exército na vida política; ao fraude electoral insostible; ao aumento da conflitividade social; aos frecuentes atentados anarquistas; ás

disputas entre clericalismo e anticlericalismo e ás continuas derrotas militares contra as cábilas rifeñas de Abd el-Krim.

En Galicia, o sistema caciquil estivo moi arraigado, debido principalmente ao predominio do rural, ao atraso económico e a dispersión da poboación. Pódense destacar algúns caciques coma os Montero Ríos.

Como conclusión podemos dicir que a corrupción do sistema era insostible e se ademais lle sumamos as derrotas militares e a perda do imperio colonial, o descontento xeral será tan grande e os problemas tantos que a quenda entrará nunha profunda crise.